

**DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**Plan de Reforzo de ESO.**

**Curso 2023/24**

Estimado nai/pai/titor-a legal do/a alumno/a \_\_\_\_\_

A través de este documento infórmasele do **PLAN DE REFORZO** da materia de **XEOGRAFÍA E HISTORIA** de 1º da ESO.

A recuperación da materia levarase a cabo tendo en conta o seguinte:

- A/O alumna/o **deberá realizar as tarefas** que se lle entregan en cada trimestre e realizar as probas escritas correspondentes.
- Os **contidos** dos que se examinará e os **criterios de avaliación** veñen reflectidos na seguinte táboa:

| C.A.*                | CONTIDOS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|----------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>1ª avaliación</b> |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| CA1.2                | Entende algún dos riscos do cambio climático                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| CA1.3                | Emprega terminoloxía xeográfica e vocabulario específico dos temas.<br>Coñece os principais climas da Terra.<br>É capaz de identificar o tipo de clima de maneira argumentada a partir dun climograma.                                                                                                                                          |
| CA1.4                | Elabora un documento sobre os temas tratados                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| CA1.5                | Analiza as consecuencias do cambio climático a través da evolución das formas do relevo<br>Analiza as consecuencias do cambio climático a través da evolución e do estado das augas                                                                                                                                                             |
| CA1.6                | Realiza mapamundis físicos a partir dun mapa mudo.<br>Realiza esquemas e diagramas sobre os contidos vistos<br>Realiza climogramas e mapas climáticos sinxelos.                                                                                                                                                                                 |
| CA1.7                | Sabe situar nun mapa as coordenadas xeográfica<br>Identifica os principais elementos dos distintos medios naturais.<br>Ubica xeográficamente os principais climas da Terra                                                                                                                                                                      |
| CA3.1                | Identifica as consecuencias do cambio climático a través da evolución das formas do relevo e a través da evolución e o estado das augas                                                                                                                                                                                                         |
| <b>2ª avaliación</b> |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| CA1.1                | É capaz de facer unha liña temporal simple                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| CA1.2                | Critica a agresión ó patrimonio histórico, cultural e artístico e valora a súa conservación e posta en valor                                                                                                                                                                                                                                    |
| CA1.3                | Emprega terminoloxía e vocabulario específicos dos temas                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| CA1.4                | Elabora informes ou actividades de investigación sobre os contidos dos temas                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| CA1.5                | Identifica algúns problemas derivados do impacto das actividades humanas no medio<br>Identifica e os retos que houbo de superar a humanidade ó longo da Prehistoria e as claves da súa evolución<br>Identifica e explica as principais achegas das civilizacións exipcia e mesopotámica ás diferentes áreas do coñecemento e ó desenvolvemento. |
| CA1.6                | Elabora un mapa sobre os biomas da Terra<br>Realiza un mapa físico de Galicia, España e Europa a partir de mapas mudos                                                                                                                                                                                                                          |
| CA1.7                | Identifica os principais elementos dos distintos medios naturais e explica as interrelacións entre estes elementos no que se refire a Galicia, España e Europa                                                                                                                                                                                  |
| CA2.1                | É capaz de elaborar un esquema relacionando climas e zonas bioclimáticas<br>Realiza un cadro comparativo entre os modos de vida no Paleolítico e no Neolítico<br>Elabora cadros comparativos ou esquemas sobre os contidos do tema                                                                                                              |
| CA2.2                | Distingue as principais ferramentas líticas da prehistoria                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| CA2.3                | A través do traballo sobre textos distingue a xerarquización e organización social nas civilizacións exipcia e mesopotámica e as compara criticamente coa actualidade                                                                                                                                                                           |
| CA2.5                | Elabora esquemas simples sobre os contidos                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| CA2.6                | Coñece e explica a evolución e as características dos modos de vida nas sociedades da Prehistoria                                                                                                                                                                                                                                               |

|                      |                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|----------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA2.7                | Desenvolve as características básicas das civilizacións exipcia e mesopotámica                                                                                                                                                                                                  |
| CA3.4                | A través do traballo sobre textos distingue a xerarquización e organización social nas civilizacións exipcia e mesopotámica e as compara criticamente coa actualidade                                                                                                           |
| CA3.7                | Recoñece o valor patrimonial da arte rupestre, os petróglifos e os monumentos megalíticos e a importancia da súa conservación. Valora o legado material exipcio e mesopotámico                                                                                                  |
| <b>3ª avaliación</b> |                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| CA1.1                | Elabora liñas do tempo                                                                                                                                                                                                                                                          |
| CA1.2                | Identifica as características dos asentamentos castrexos e da organización socioeconómica prerromana e da súa evolución coa romanización                                                                                                                                        |
| CA1.3                | Emprega o vocabulario específico do tema con precisión                                                                                                                                                                                                                          |
| CA1.4                | Elabora informes ou actividades de investigación sobre os contidos dos temas<br>Atopa na súa contorna pegadas dos pobos prerromanos e da civilización romana                                                                                                                    |
| CA1.5                | Identifica e explica as principais achegas das civilizacións grega e romana ás diferentes áreas do coñecemento e ó desenvolvemento<br>Identifica as características dos asentamentos castrexos e da organización socioeconómica prerromana e da súa evolución coa romanización. |
| CA1.8                | Entende a importancia de Grecia para o desenvolvemento da democracia como sistema político                                                                                                                                                                                      |
| CA2.1                | Elabora cadros comparativos ou esquemas sobre os contidos dos temas                                                                                                                                                                                                             |
| CA2.3                | Realiza unha valoración crítica da destrución do noso patrimonio histórico e artístico                                                                                                                                                                                          |
| CA2.4                | Atopa na súa contorna pegadas dos pobos prerromanos e da civilización romana                                                                                                                                                                                                    |
| CA2.5                | Elabora esquemas visuais, murais ou lapbooks sobre os contidos do tema                                                                                                                                                                                                          |
| CA2.6                | Coñece as bases do sistema social na Antiga Grecia e na Antiga Roma e en España e Galicia na Antigüidade                                                                                                                                                                        |
| CA2.7                | Describe as características básicas da Hélade, da civilización romana e das sociedades da Prehistoria e pobos prerromanos en Hispania e na Gallaecia romanas<br>Identifica e valora as achegas artísticas das civilizacións exipcia, mesopotámica e grecolatina                 |
| CA2.8                | Identifica na cultura europea actual algún trazo da civilización grega e a influencia de Roma                                                                                                                                                                                   |
| CA3.4                | Coñece e interpreta criticamente a situación das mulleres e dos escravos en Grecia e Roma e nas sociedades prehistóricas e nos pobos prerromanos.                                                                                                                               |
| CA3.5                | Analiza criticamente o concepto de bárbaro                                                                                                                                                                                                                                      |
| CA3.7                | Recoñece o valor patrimonial da arte rupestre, os petróglifos e os monumentos megalíticos, e dos restos materiais romanos en Galicia e en España e a importancia da súa conservación. Valora o legado artístico da civilización grecolatina                                     |

O alumnado, en cada avaliación, deberá entregar as actividades resoltas con anterioridade a cada exame. As porcentaxes establecidas para cada avaliación parcial son as seguintes:

- **50% PROBAS ESCRITAS.**
- **50% ACTIVIDADES RESOLTAS**

A nota final será a media das 3 avaliacións. Haberá unha proba de avaliación final para recuperar as suspensas.

AS DATAS DOS EXAMES SON AS SEGUINTE:

- **1ª Avaliación: Mércores, 29 de novembro de 2023**
- **2ª Avaliación Mércores, 14 de febreiro de 2023**
- **3ª Avaliación: Mércores, 17 de abril de 2023**

Mediante os instrumentos de avaliación, o profesor determinará se o alumno/a superio os criterios de avaliación establecidos no plan de reforzo da materia.

A información sobre a avaliación da materia pendente será remitida á titora/titor do alumno/a e a través das notas en cada unha das avaliacións

### C.A. \* = Criterios de Avaliación

CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.

CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.

CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.

CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.

CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.

CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.

CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado

CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas

CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.

CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.

CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.

CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.

CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.

CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.

CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.

CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.

\*\*\*\*\*

Devolver firmado:

Eu,  
D./Dona \_\_\_\_\_ como titor/a legal da/o  
alumna/o \_\_\_\_\_ firmo o presente documento para que quede  
constancia de que fun informado/a das tarefas e probas que ten que realizar o/a alumno/a para superar a materia  
pendente.

Fdo: \_\_\_\_\_  
(pai/nai/titor-a legal)

CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos

CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.

CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.

CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.

CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.

CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.